

## Criterios de cualificación e promoción

Este punto é xeral e afecta a todos os cursos, con excepción de 1º e 2º BAC, cursos cunhas características específicas e orientados á ABAU, polo cal, os criterios de cualificación irán especificados nun apartado neses cursos.

As ACS teñen uns criterios de cualificación e promoción personalizados.

Para poder avaliar ós alumnos, o profesorado precisa unha serie de instrumentos que lle permitan obter uns datos concretos.

Propoñemos os instrumentos que cremos máis indicados para a obtención destes datos, como poden ser: observación, proba escrita, proba oral, caderno de clase, portfolio. O profesor poderá modificar o modelo substituíndo ou incluíndo outros instrumentos empregados.

Ademais, animarase ó alumno a avaliar o seu propio traballo. Teranse en conta a observación directa na aula, cuestionarios, análise de tarefas, diarios, cadernos de traballo, tests, etc.

Non só se terán en conta estes aspectos, senon que tamén se terá en conta a actitude do alumno con respecto á asignatura e ós seus compañeiros e profesor; por iso, un 20% da nota da avaliación e da nota final pode estar determinado polo comportamento na aula, o interese pola asignatura, a realización de tarefas na clase e na casa, e a asistencia e puntualidade ás clases. Por estes conceptos, recollidos nos diferentes estándares de aprendizaxe como o B.2.2, B.4.6., B.5.3., etc o profesor poderá baixar a nota ata un máximo de 2 puntos sobre 10, e quedará recollido no caderno do profesor, partes ou ben no XADE (puntualidade ou asistencia).

As probas obxectivas, que poden ser exames, traballos, recollida de deberes etc. versarán sobre as catro destrezas (reading, writing, listening, speaking) relacionados cos bloques e haberá tamén unha proba de gramática e vocabulario e fonética (bloque 5).

Valoraranse da seguinte forma

ESO	
Grammar & vocabulary	50%
Reading & writing	20%
listening	10%
Reading book	10%
speaking	10%

BACH	
Reading,writing	40%
Grammar,vocabulary, phonetics	30%
Listening	10%
Speaking	10%
Reader	10%

O alumno debe ter aprobado un 50% destes contidos COMO MÍNIMO, para aprobar a avaliación.

En 1º e 2º de ESO ,hai un libro de lectura anual,non trimestral, polo que nos outros dous trimestres,a porcentaxe do libro pode ser substituída por unha proba de verbos irregulares ou ben valorar o esforzo,deberes e traballo do alumno.

No proceso de avaliación para o seu rexistro aconsellamos a seguinte escala cualitativa ordenada de menor a maior: 0-4: Non conseguido;5 Conseguido con nivel baixo nos diferentes ámbitos ;6:Conseguido con nivel medio; 7-8 conseguido con nivel alto, e 9-10 : Conseguido totalmente.

Estes criterios de cualificación deben aplicarse tendo en conta os criterios de avaliación detallados para a área de lingua estranxeira e son válidos para todos os cursos.

No caso de que algún alumno optase polo uso de métodos deshonestos (tales como copiar doutro compañeiro, de apuntes, libros, chuletas, ou a través doutros medios,entregar o examen ou traballos fora de tempo ou prazo ....) para a realización de calquera proba e fose detectado polo profesor, devandito alumno recibirá automaticamente a cualificación máis baixa posible nesa mesma proba.

O abandono da asignatura considérase motivo suficiente para suspender a asignatura.As faltas de asistencia ós exames tanto escritos como orais, deberán ser xustificadas documentalmente e tan só se repetirá de ser unha enfermidade(parte médico),morte ou enfermidade grave dalgún familiar, requerimento xudicial ou outros casos de forza maior.

Así mesmo, non realizar as tarefas que o profesor solicite ou deixar os exames en branco pode ser motivo de suspenso na avaliación.